



# **MEMORIA DA ACTIVIDADE**

**DESENVOLVIDA AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE  
AXUDAS PARA ORGANIZAR OBRADOIROS DE  
EXTENSIÓN UNIVERSITARIA NO 1º CUADRIMESTRE  
DO CURSO 2024/25 DA UNIVERSIDADE DE VIGO  
(CAMPUS DE PONTEVEDRA)**

# **OBRADOIRO: RECICLANDO PAPEL E ARXILA**

## **Datas e horarios:**

Xoves 10, 17 e 24 de outubro de 2024, de 16:30 a 20:00h  
Xoves 7, 14, 21 e 28 de novembro de 2024, de 16:30 a 20:00h  
Xoves 12 de decembro de 2024, de 16:30 a 20:00h

## **Número de asistentes:**

12

## **Coordinación da actividade:**

M<sup>a</sup> Covadonga Barreiro Rodríguez-Moldes, Profesora Axudante Doutor no Departamento de Escultura (Facultade de Belas Artes de Pontevedra)

## **Docentes:**

M<sup>a</sup> Covadonga Barreiro Rodríguez-Moldes  
Teresa Pece Montenegro  
Emilia Guimeráns

## **Lugar:**

Facultade de Belas Artes de Pontevedra (Espazo 14, patio interior, e obradoiro de cerámica)

## **Descrición e obxectivos:**

O obradoiro foi proposto coma unha aproximación ás técnicas e ao traballo co papel e a arxila reciclados, e os seus obxectivos procuraban coñecer e aplicar técnicas para a creación de volumes e figuras utilizando materiais que contribúen a xerar conciencia ecolóxica; tamén comprender, aplicar e propor formas de reciclaxe e reutilización de materiais e recursos, e fomentar a cooperación e o traballo en equipa.


## **Desenvolvemento da actividade:**

O obradoiro desenvolveuse segundo o programado no cronograma inicial.

Nas primeiras sesións abordouse o reciclado da arxila aproveitando os abondosos restos de arxila seca dos exercicios de modelado de primeiro curso do grao en Belas Artes. Con esta arxila rehidratada realizáronse pezas para a súa cocción no forno de papel, e tamén elaboráronse diferentes tipos de "Paper clay" mesturando a arxila tanto con papel tisú coma con cartón reciclado.

A actividade que ocupou as sesións centrais do curso foi a realización e posta en funcionamento do forno de papel, unha acción que se desenvolveu de xeito colectivo no patio da facultade de Belas Artes, e que permitiu experimentar os diferentes efectos e acabamentos que produce nas pezas cerámicas a introducción e queima de diferentes materiais nun forno tradicional.

Nas últimas sesións, co *paper clay* realizado inicialmente, as e os participantes no obradoiro experimentaron a elaboración e modelado de pezas máis delicadas, incluso elementos de bisutería. Todas estas pezas foron cocidas nos fornos eléctricos existentes no taller de cerámica da Faculade de Belas Artes.









Como colofón da actividade, unha vez rematadas todas as sesións realizouse unha exposición das pezas resultantes no Abrigo, o espazo expositivo da facultade de Belas Artes, que estará aberta ao público dende o 17 de decembro de 2024 ara o 10 de xaneiro de 2025.

# IMPRESIÓNS NA ARXILA

mostra das contribucións da  
comunidade universitaria e  
resultados do obradoiro de  
reciclaxe de papel e arxila

17/12 ao 10/01/2025  
inauguración 17 de decembro ás 19h

Sheila García / Adrián García /  
Lucía Villar Iglesias / Sonia  
Omit / Mercedes E. / María R.  
Hervas / Ismael Prieto Costas /  
Marta Abal / Sara Rico y Rajoy /  
Isis Huerga / Luisa Silveira /  
Noa González Reimúndez /  
Iñigo Barreiro / Sabela  
Fernández Condesa / Rocío  
Lago / Covadonga Barreiro

O Abrigo, Facultade de Belas Artes  
R. da Maestranza, 2, 36002 Pontevedra

O ABRIGO  
Facultade de Belas Artes  
Universidade de Vigo  
CEA

## ANEXO II

Imaxes da exposición en O Abrigo (Facultade de Belas Artes)

